

PD de ex.: CCSS (3º pri.)

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1. **Operatividade e esencia da PD:** o espírito da PD é adaptar á realidade do currículo a cada centro.
2. **Referencias normativas:** comprobar que estean en vigor (recom.: eliminar refer. normativas) en xeral e asegurarse que non hai ningunha referencia LOMCE; por outro lado, non se trata/debe de facer un copia e pega literal de partes doutros documentos: pódese parafrasear algunha parte que resulte relevante; así mesmo, evitar duplicar contidos xa existentes noutros documentos de centro (PEC, DOC, NOFC, PXA, etc.)
3. **Redación con linguaxe inclusiva:** ~~profesor/a~~ → profesorado; ~~alumna/e~~ → alumnado; ~~titor/a~~ → persoal titor; etc.)
4. **Vocabulario e redación:** comprobación disto e chequeo de vocabulario en galego (conxugación de verbos, intrusión de préstamos lingüísticos innecesarios destacando castelanismos...)
5. **Redación "aséptica" e protección de datos especialmente sensibles:** pensar que as PD están pensada para seren publicadas, polo que se deben evitar redacións do tipo: ~~...dado que na aula se conta con 2 casos de ACS procurárase...~~ → en caso de alumnado con ACS/XX intervirase..., etc.
6. **Inf.:** O cómputo total das 3 áreas debera sumar 24, polo que unha posibilidade é repartir a 8 horas semanais por área.
7. **Pri. e Sec.:** Revisar o contido nos anexos dos proxectos do Decreto.
8. **Bibliotecas escolares e aprox. á lectura, Educación Dixital e Promoción de estilos de vida saudables:** Cobran especial relevancia para os centros como PLANS EDUCATIVOS (TITULO IV), polo que resultaría interesante telo en mente ao longo da elaboración da PD.

1. Introducción

Notas:

- non debe ser longa (recom. Máx. 1 folla en dinA4).
- individualizar o Decreto á realidade do centro e centrada na materia e nivel a impartir.; p.e.: ...moita importancia na expresión oral...
- deixar só: a Área de Ciencias Sociais é isto..., este é o obxectivo principal:...

Descrición (Texto libre, até 100.000 caracteres):

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no "Decreto XX/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área e materia de Ciencias Sociais.

Neste centro o Programa Lingüístico e o Programa Plurilingüe conciben e regulan dende hai moitos anos a materia de Ciencias Sociais como a elixida para ser a impartida en fala inglesa, "Social Science". Nesta liña, debido ás dificultades detectadas no alumnado pola Coordinación de Plurilingüismo no curso 2018/19, esta reformulou o enfoque da materia: apoiarse no bilingüismo para facilitar a comprensión e expresión arredor dos diferentes contidos, establecendo de xeito natural

relacións entre o inglés e o galego.

Hai que ter en conta que este centro está adscrito ao IES "As Mariñas" de Betanzos onde as Ciencias Sociais se imparten en galego. A experiencia deste novo enfoque na materia co noso alumnado corrobora que esta debe seguir sendo a liña principal de acción.

Así pois, e neste centro, o obxectivo principal desta PD é a de facilitar ao alumnado a adquisición dos contidos propios da materia e unha mellora progresiva da súa autonomía ao mesmo tempo que se fomenta a súa competencia lingüística tanto en inglés como en galego.

Ademais, cómpre salientar que neste centro 3º primaria forma unha aula mixta xunto con 4º primaria, co cal esta PD está pensada para afrontar nas mellores condicións esta casuística; pois hai que ter en conta que neste curso 2022/23 en dita aula convivirán á vez dous currículos de dúas leis educativas diferentes.

Para contribuir ao logro isto, e en relación ao referido Decreto, a presente PD está estruturada a razón dunha Unidade Didáctica (UD) por trimestre, de xeito que en cada trimestre se traballan os Bloques "2. O mundo e o desenvolvemento sustentable", "3. Vivir en sociedade" e "4. Leccións do pasado", respectivamente, ao mesmo tempo que o Bloque "1. Ciencia e tecnoloxía" aparece en cada UD, complementando os anteriores ao longo de todo o curso.

Por último, o noso centro está nun contexto rural, polo que esta PD aproveitará as posibilidades que ofrece a nosa contorna a través das diferentes UD.

2. Obxectivos e competencias

Notas:

- son as competencias claves asociadas que veñen marcadas, por defecto. Veñen do Ministerio e da Consellería e xa veñen marcadas, digamos a conciencia.
- NON marcar a maiores como norma xeral. Ter en conta que cantos máis haxa, máis complexidade pode acadar.
- **IMPORTANTE:** Centros Plurilingües...: Revisar clicar a CP – competencia plurilingüe na/s materia/s plurilingüe; Centros E-DIXGAL...: Revisar a CD; OUTROS...

CCSS en 3º EP (PLURILINGÜISMO) Marcar, a maiores CP en:

CP1 nos OBX: 1, 2, 3, 4, 5 e 7.

3. Unidades didácticas

3.1 Relación de UD

Notas:

- Secuencia (é orde da UD)

- Título da UD: a nomenclatura UD e débese entender de xeito aberto, amplo e flexible (.pode ser 1 proxecto...); 2 diferenciacións de UD: as secuenciadas (secuencia establecida na PD, coa duración e no trim. asignado e que poden impartirse illadas ou combinadas con UD transversais) e as transversais (permiten intercalarse con outras UD secuenciadas e/ou combinándose con estas mesmo na mesma sesión, e poden impartirse nun ou varios trimestres ou mesmamente en todo o curso)
- Descrición: pódese especificar algo máis: exposicións, saídas...; tipo traballo: grupal, ind... (até 1000 caracteres)
- N.º de sesións: deben sumar o total de sesións por curso entre todas as UD; se todas as UD aparecen en todos os trimestres xustificar isto no apdo. 4.1 concrecións metodolóxicas.
- Peso %: entre todas debe sumar 100 son as competencias claves asociadas que veñen marcadas, por defecto.
- a UD pode viaxar ao longo do tempo (estar en máis dun trim. ou en todos).
- non facer UD tipo "presentación do curso" ou moi curtas (de 2 sesións); pensar, ademais, que ter moitas UD podería resultar pouco operativo.
- vixiar se hai pesos moi baixos %, procurando aplicar, polo xeral, números redondos: 10%, 15% na medida do posible.

Secuencia	Título da UD (até 200 carac.)	Descrición (até 1000 caracteres)	N.º de sesións 70	% Peso na materia 100	1º trim	2º trim	3º trim
1	Our beloved Earth / A nosa amada Terra	Esta UD pretende, por un lado, retomar e insistir de novo na dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc., e, polo outro afianzar, ampliar e/ou descubrir coñecementos sobre o medio natural da Terra, o espacio, a responsabilidade ecosocial e a necesidade de modelos de vida sostibles.	30	32			
2	Our society / A nosa sociedade	Esta UD pretende afianzar, ampliar e/ou descubrir coñecementos sobre a desigualdade social, as costumes e tradicións culturais e sociais, a organización política e territorial de Galicia, a organización e funcionamento da sociedade, a poboación e a demografía.	20	34			
3	Our past / O noso pasado	Esta UD pretende afianzar, ampliar e/ou descubrir coñecementos sobre o patrimonio natural e cultural, as fontes históricas, o tempo histórico, as expresións artísticas e culturais prehistóricas e da antigüidade e os inventos máis relevantes.	20	34			

3.2 Distribución currículo UD

Notas:

- Revisar que cada CA marcado debe de estar asociado, alomenos, a un contido.
- Pódense engadir subcriterios (botón dereito de "+"); o mesmo ocorre cos contidos: poden engadirse "subcontidos" (recom.: a non ser que resulte imprescindible engadir un unha boa idea pode ser non engadir en xeral e concretar o que se require na concreción dos mínimos de consecución).
- Os criterios pódense repartir nas diferentes UD. É dicir, anque o alumnado realice procuras nas TIC, o criterio asociado non ten por que aparecer en todas as Ud. O que importa é que figure ou ben 1 vez durante todo o curso e/ou 1 vez en cada trim para que me permita avalialo.

- Como mínimo, cada un dos CA e dos Contidos débese marcar unha vez ou non deixará validalo.

3.3 Avaliación UD

Notas:

- Tipo de instrumento (Táboa de indicadores ou Proba escrita): Procurar que haxa variedade entre os dous e que tanto uns coma outros teñan % redondas en cada UD: ex. TI 70% e PE 30%. Observacións: a 1ª vista, e ante a dúbida, poderíase marcar TI, pois, até unha Proba escrita da cal a persoa docente ten unha táboa de corrección nivelada en cada exercicio pode considerarse TI.

- **mínimo de consecución:** de momento non hai indicación na redación: en infinitivo ou **verbo conxugado** (preferiblemente vbo. conxugado: ex.: participa nun mural... procurar unha redación clara e sinxela (pensar que debe poder ser comprendido polas persoas proxenitoras) **(até 300 caracteres)**

-% peso en cada UD: debe acadar o 100%; e revisar que as % coinciden (no caso de reflectirse) co noutros apdos. (5.2 Criterios de cualificación).

- nos 2 cursos de cada ciclo, se a programación é moi semellante dun curso a outro (se apenas hai diferenza, un bo xeito de matizar as diferenzas é na propia redación dos mínimos de consecución).

- recomendación, especialmente para contidos de adquisición progresiva: elaborar unha táboa como a seguinte **(este ex.: é sobre o lím. de 200 caracteres anteriores):**

B1	OBX	UD1 - Our beloved Earth / A nosa amada Terra	UD2 - Our society / A nosa sociedade	UD3 - Our past / O noso pasado
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	1		Elabora un documento de LibreOffice Writer que conteña: -1 gráfica da poboación Cesuras por ano (2000-actualidade) -1 pirámide de poboación do ano 2000 e 2022, analizando o/s cambio/s máis notable/s. (TI, 10%)	
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	2	Formula preguntas sobre a materia e mostra curiosidade por esta. (TI, 5%)	Formula preguntas sobre a materia e mostra curiosidade por esta. (TI, 5%)	Formula preguntas sobre a materia e mostra curiosidade por esta. (TI, 5%)
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	2	Busca información a través dalgunha fonte de maneira guiada. (TI, 5%)	Busca información a través dalgunha fonte de maneira guiada. (TI, 5%)	Busca información a través dalgunha fonte de maneira guiada. (TI, 5%)
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	2	Elabora un traballo co rexistro meteorolóxico, nos meses de outubro e novembro, no cole dos días lectivos que inclúa algunha análise básica. (TI, 10%)		



Xornadas PROENS

Elaboración de Programacións didácticas en liña

CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	7			Participa na iniciativa "Patrullas verdes": grupos de alumnado que, durante o mes de abril, realizan un rexistro do grao de limpeza e estado do patio. (TI, 10%)
C1.1 - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...).				
C1.2 - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.				
C1.3 - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.				
C1.4 - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións.				
C1.5 - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero				
C1.6 - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.				
C1.7 - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual				
B2	OBX	UD1 - Our beloved Earth / A nosa amada Terra	UD2 - Our society / A nosa sociedade	UD3 - Our past / O noso pasado
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	3	Identifica elementos/caract. fundamentais do Sistema Solar e da Terra (incluíndo as partes dun volcán), das representacións espaciais (globo terráqueo/mapas) os océanos e os continentes. (PE, 40%)		
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	3	Identifica os elementos/caract. fundamentais do aire, da auga, da meteoroloxía e das paisaxes de interior e de costa.		

		(PE, 20%)		
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	4	Distingue entre cambios naturais e provocados polo ser humano, identificando o impacto deste último no medio e os problemas ecosociais, propoñendo, como mínimo, unha solución sostible para cada un. (PE, 20%)		
C2.1 - A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo.				
C2.2 - O clima e a paisaxe. Os fenómenos atmosféricos. Toma e rexistro de datos e variables meteorolóxicas (temperatura, humidade, vento, precipitacións) e a súa representación gráfica e visual: o climograma.				
C2.3 - Coñecemento do espazo. Representación do espazo. Representación da Terra a través do globo terráqueo, os mapas e outros recursos dixitais. Uso de planos do barrio ou da localidade, como representación gráfica de espazos. Interpretación de lendas e símbolos cartográficos elementais en mapas.				
C2.4 - O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra.				
C2.5 - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural.				
C2.6 - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.				
B3	OBX	UD1 - Our beloved Earth / A nosa amada Terra	UD2 - Our society / A nosa sociedade	UD3 - Our past / O noso pasado
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	6		Identifica conceptos básicos de poboación: poboación, densidade de poboación, rexistro municipal, taxa de natalidade e mortalidade, esperanza de vida, migración, emigrantes e	

			inmigrantes. (PE, 35%)
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	6		Resposta a algunhas cuestións sobre a importancia da democracia e identifica ou nomea algunha muller que realizase achegas importantes para a sociedade. (PE, 5%)
CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.	7		Identifica elementos/caract. fundamentais do goberno e ámbito municipal, incluíndo algúns dos servizos municipais e o funcionamento democrático. (PE, 30%)
CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	7		Identifica normas e convivencia e sinais de tráfico básicas, clasificando diferentes exemplos en correctos ou incorrectos. (PE, 10%)
C3.1 - Desigualdade social e acceso aos recursos. Usos do espazo polo ser humano e evolución das actividades produtivas.			
C3.2 - Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia.			
C3.3 - Organización política e territorial de Galicia.			
C3.4 - Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de Galicia.			
C3.5 - Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación. A organización do territorio en Galicia.			
C3.6 - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero.			
C3.7 - Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarios. Mobilidade segura, saudable e sustentable como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción.			
C3.8 - Compromisos e normas para a vida en sociedade.			

B4	OBX	UD1 - Our beloved Earth / A nosa amada Terra	UD2 – Our society / A nosa sociedade	UD3 – Our past / O noso pasado
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	3			Identifica e clasifica diferentes exemplos de conduta entre respectuosa e non respectuosa para co patrimonio natural e cultural, propoñendo algunha acción que contribúa á súa preservación. (PE, 10%)
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	5			Comprende as unidades de tempo e as fontes históricas. Nomea os 5 períodos históricos e asóciaos ao feito e data do seu inicio. Identifica e ordea os períodos da Prehistoria e Idade Antiga en Galicia. (PE, 35%)
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	5			Identifica elementos/caract. fundamentais do ser humano da Prehistoria e da Idade Antiga, destacando a de Galicia, incluíndo aspectos da forma de vida, sociedade e arte. (PE, 35%)
C4.1 - As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais) como vía para a análise dos cambios e permanencias na localidade ao longo da historia.				
C4.2 - O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos.				
C4.3 - As expresións artísticas e culturais prehistóricas e da antigüidade e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero.				
C4.4 - O patrimonio natural e cultural. Os espazos protexidos, culturais e naturais. O seu uso, coidado e conservación.				
C4.5 - Iniciación na investigación e nos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente.				
C4.6 - A acción de mulleres e homes como suxeitos na historia. Descubrimentos e inventos importantes ao longo da historia.				

4. Metodoloxía

4.1 Concrecións metodolóxicas

Notas:

- individualizar o Decreto á realidade do centro, p.e.: potenciaranse dinámicas na expresión oral dada a inhibición do alumnado...
- comprobar que haxa coherencia co resto da PD: UD, mínimos, etc. e referencia aos obxectivos de etapa, competencias clave, descritores e perfil de saída e aos mínimos de consecución; e coherencia dos documentos de centro.
- non pegar as liñas de actuación do currículo da materia correspondente

Descrición (Texto libre, até 100.000 caracteres):

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo do curso.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

- Automatización nalgunhas cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.
- Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais nun maior goce das actividades máis lúdicas.
- Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A tal fin, esta rutina adicará, alomenos, uns 5 minutos, especialmente ao inicio de cada sesión, a lembrar o traballado na/s sesión/s anterior/es mediante preguntas.

Dada a casuística da materia no tocante á lingua principal vehicular inglesa e para a optimización da súa impartición, empregárase como recurso, na páxina web do centro, unha sección específica para esta materia (ou na Aula Virtual do centro). Nesta o alumnado poderá acceder a:

- recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas
- ligazóns de interese relacionadas coa materia

-outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso

4.2 Materiais e recursos didácticos

Notas:

- cingirse e especificar a realidade do centro e da aula, non o que debera ser, senon o que temos.

- **Denominación (tipo de material ou recurso, até 1000 caracteres).** Vanse engadindo.

Encerado dixital

Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital)

Altofalantes

Páxina web do centro: sección Aula de Social Science

Cartafol con aneis

Libreta cuadriculada tamaño dinA4

Estoxo

Descrición (até 100.000 caracteres)

A aula, espazosa, compártese coa materia de Música, impartida polo mesmo docente para as etapas de primaria e infantil. Nese senso, o encerado é dixital e táctil e permite escribir nel, mais está ubicado un pouco baixo de máis, o que, se ben permite que o alumnado de infantil acceda a el con facilidade, á hora de sentarse o alumnado, tanto de infantil coma de primaria, hai que colocalo moi especificamente para que todo este poida ver o encerado sen problema.

O ordenador de aula é novo e conta con software libre, LibreOffice entre outros, empregando os altofalantes, que están en bo estado para a reprodución auditiva.

A aula de informática conta con bastantes ordenadores, suficientes, para, alomenos colocarse en parellas e está pensada para a búsqueda de información para aquelas sesións nas que isto se requira.

A sección desta materia na páxina web do centro servirá para varias cuestións, como así se pode comprobar no punto das concrecións metodolóxicas.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste: cartafol con aneis, libreta cuadriculada tamaño din A4 e estoxo (este contará alomenos con: lapis, afialapis e goma; bolígrafos azul, negro e vermello; algunhas cores; marcadores para subliñar rosa e amarelo).

5. Avaliación

5.1 Avaliación inicial

Notas:

- especificar o tipo de avaliación no centro, como e cando.
- 1º Pri.: recom. alongar as sesións de aval. inicial até +-4 sesións.

Descrición (até 100.000 caracteres)

Revisados os informes individualizados do noso alumnado, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real deste curso; de especial interese é a información deste ampliada por parte do equipo docente do curso anterior.

Esta avaliación inicial levarase a cabo na 1ª e/ou 2ª sesión/s, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

- alumnado do centro, o cal a persoa docente é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente o curso anterior anque noutra materia
- alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Dita proba consistirá de:

- unha ficha escrita para comprobar os coñecementos da materia correspondentes ao curso anterior

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2 Criterios de cualificación

Notas (TODO ESTE PUNTO DEBE ESTAR MOI BEN ESPECIFICADO POR CUESTIÓNS DE RECLAMACIÓNS):

- especificar os pesos da cualificación:
 - reflctir o peso trimestral entre as UD de cada trimestre (ex. 1º trim.: UD1 60% e 4UD2 60%);
 - reflctir o peso total entre os 3 trim; en materias ou CA progresivos en continuados resulta interesante reflctir a progresividade, ex.: 1º trim: 25%, 2º trim: 35% e 3º trim: 40%..
- a construción da nota é coherente coas % das UD e dos IA: OLLO, comprobar que coincide coa % do 3.1
- define e concreta o redondeo da nota
- **Non bis in idem** (non reflctir avaliación sobre algo que xa se avaliou: pensar que os elementos de aval. deberan incluírse en cada un dos CA).

- Neste apdo. non pode haber criterios de cualificación sobre asistencia, comportamento ou actitude nin criterios excluintes (tipo; suspende se non fai un traballo, sen ten máis de X faltas de ortografía, se non participa nas actividades) pois búscase a aprendizaxe do alumnado e a detección de dificultades e non a sanción destas neste apdo.).

- En base aos 2 puntos anteriores, pensar que se debere aplicar isto xa a través dos propios CA da materia: por un lado, se xa temos CA que aludan p.e. a actitude xa nos podería vales, e, se non os hai lembrar que se poden crear subcriterios e subcontidos no apdo. 3.2.; por outro lado, pensar que, incluso anque non teñamos CA para avaliar, p.e. actitude, orde ou limpeza no material tarefas e traballo de aula... non precisaríamos necesariamente crear CA ou contidos en tanto e canto podemos concretar neste apdo. algo así como... p.e.: "Con carácter xeral, a construción da nota de cada CA será do xeito seguinte: 15% as tarefas a realizar + 10% a limpeza e orde nas tarefas + 60% PE + ...

Criterios de cualificación

Descrición (até 100.000 caracteres)

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por proba escrita sendo o resto avaliados por diferentes tipos de táboas de indicadores, fundamentalmente escalas de valoración/rúbrica para corrección de traballos a entregar, por un lado, rexistro das puramente de observación, polo outro.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire é a seguinte:

-1º trim.: UD1 100%

-2º trim.: UD2 100%

-3º trim.: UD3 100%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 32%

-2º trim. 34%

-3º trim. 34%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

-se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

-se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación

Notas (TODO ESTE PUNTO DEBE ESTAR MOI BEN ESPECIFICADO POR CUESTIÓNS DE RECLAMACIÓN):

- Especificar como se avisa de que non acadou os mínimos (informe/aviso directo ou indirecto á familia/aviso á titora...). Importante: Farase un informe para especificar que contidos debe superar e como. Por ex. Se na parte de 1º trim. non supera p.e. autonomía na procura de información nas TIC e na 2ª si, pode quedar reflectido que queda aprobado automaticamente (avaliación continua de contidos ao longo do curso daqueles de adquisición progresiva). Se non acada o mínimo "X": especificar, como o recupera? Cando o recupera? Como se reflecte e comunica?
- especificar en que momentos do curso se fai esa recuperación e como

Descrición (até 100.000 caracteres)

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto terá lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

- Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin (e, preferentemente, sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente PD: p. ex. repetición dun traballo, parte dunha proba escrita, etc.).
- Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

- Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.
- Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: capacidade de indagación de información) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado.

5.3 Recuperación das materias

Notas:

- **Non de aplicación en Educación Infantil.** (chega con reflectir isto así, literalmente)
- **Non de aplicación en Educación Primaria.** (chega con reflectir isto así, literalmente)
- **Non de aplicación en 4º ESO.** (chega con reflectir isto así, literalmente)
- **Non de aplicación en 2º BAC.** (chega con reflectir isto así, literalmente)
- Na ESO mención ao plan de reforzo (artigo 51* da Orde 8 setembro 2021 de atención á diversidade).
- Concretar: como se fará o seguimento (traballos, probas...por trimestres, UD... forma de atención e comunicación co alumnado, etc.)
- Concretar a construción da nota (trimestres, final).
- Non hai límites de obtención de nota (exemplo: so poderá obter un 6 como máximo).

Descrición (até 100.000 caracteres)

5.4 Acreditación de coñecementos...

- **Non de aplicación en Educación Infantil.** (cheга con reflectir isto así, literalmente)
- **Non de aplicación en Educación Primaria.** (cheга con reflectir isto así, literalmente)
- **Non de aplicación en ESO.** (cheга con reflectir isto así, literalmente)
- **Non de aplicación en 2º BAC.** (cheга con reflectir isto así, literalmente)
- **Apdo. de aplicación exclusiva en 1º BAC** para materias de continuidade (anexo III prox. de Decreto de BAC). Borrar o contido en materias de 1º BAC onde non proceda, indicando, literalmente: **Non de aplicación nesta materia.**
- En 2º de BAC tamén se podería facer mención. Revisar que é coherente coa PD de 1º, dado que a acreditación faise sobre os coñecementos de 1º.

Descrición:

- Revisar que se trata de materias de continuidade de BAC.
- Concreta como se realizará a acreditación de que o alumnado reúne as condicións para poder seguir con aproveitamento a materia de 2º curso, que terá que ser segundo criterios obxectivos e avaliábeis. Poderá realizarse mediante unha proba (Artigo 32 da Resolución 26 maio do 2022).

Descrición (até 100.000 caracteres)

6. Atención á diversidade

Notas:

- Concretar as medidas de atención á diversidade que se aplicarán na área/materia (baseándose nas medidas reguladas na orde de atención á diversidade).
En Primaria: referencia ao plan específico de reforzo para o alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso (so afecta a cursos pares; artigo 50 da Orde 8 setembro 2021 de atención á diversidade).
- En ESO: referencia ao plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso (artigo 52 da Orde 8 setembro 2021 de atención á diversidade).
- Lembrar que as PD serán de carácter e consulta pública; NON reflectir datos persoais directos ou indirectos que permitan identificar ao alumnado.
- Engadir: Coordinación Xef. DO + titoría + ... (engadir, modificar, quitar) medidas de atención á diversidade.
- Baseándose non punto anterior do proced., especificar cuestións como: en base á aval. Inicial, a titoría...
- Reflectir realmente as medidas que se van levar a cabo, o que se vai facer.
- Como se vai comunicar isto? Titor/DO/Equipos docentes?

Descrición (até 100.000 caracteres)

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remata antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO, e traballarase na comunicación facendo moito máis fincapé a través de imaxes.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil.

7. Elementos transversais

7.1. Elementos transversais

Notas:

- Recollido no anteproxecto en Inf. art. 16 (p. 15) e en primaria art. 17 (p. 21); algúns son obrigatorios.
- a nivel de centro, importante chegar á homexeneización na medida do posible.

Secuencia	Elementos transversais	UD1	UD2	UD3
1	Comprensión lectora			

2	Expresión oral e escrita			
3	Comunicación audiovisual			
4	Competencia dixital			
5	Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento			
6	Igualdade entre homes e mulleres			
7	Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos			
8	Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			
9	Educación para a saúde			

Observacións (até 2000 caracteres)

Os elementos transversais, eiqú numerados, 1-5 e 8-9 trabállanse no propio traballo das UD relacionadas a través das diferentes actividades que desenvolven os contidos.

Os elementos transversais 6 e 7 traballaranse, de xeito especial, a través das conmemoracións do Día Internacional da Muller e da Paz, respectivamente, ámbolos dous englobados no Bloque 3.

7.2. Actividades complementarias

Notas:

- son activ. relacionadas coa área/materia, non so actividades de centro.
- considerar tamén charlas
- precaución se indica actividades extraescolares.

Actividade (até 200 caracteres)	Descrición (até 1000 caracteres)
Carreira solidaria	Participación dunha carreira solidaria no patio do centro, aberta tamén a participación das familias, aportando unha doazón voluntaria, simbólica e solidaria. (Activ. relacionada coa UD2, 2º trim. e coa materia de EF)

Observacións (até 2000 caracteres)

A idea da carreira solidaria é destinar a recadación a unha ONG enfocada na defensa dos dereitos humanos e contra a desigualdade social.

8. Práctica Docente

8.1. Avaliación proceso do ensino e a práctica docente...

Notas:

- mirar ben como se avalía cada unha delas: deben ser medibles, realistas e sería ideal chegar a acordo homoxéneo no centro
- deben ser indicadores do proceso e ensino e práctica docente (non de aprendizaxe)
- especificar o xeito da obtención, o/s momento/s, rexistro e conservación de datos.... (até 1000 caracteres cada unha)
- pode resultar interesante a redación en pretérito (versus 8.2.)

Indicadores de logro

Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Aportouse información ao persoal docente titor.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.
Apoiouse a implicación das familia no traballo do alumnado.

Descrición (até 100000 caracteres)

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes, xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.
A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e, entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Revisión, avaliación e propostas de mellora

Notas:

- como mín. debería reflectirse a realización do seguimento a través do PROENS e a frecuencia para a súa realización (a través de reunións de ciclo/nivel en Inf. e Pri. e de Dpto. En ESO e BAC).
- pódese contemplar como: mellora para o seg. trim./curso/de UD en UD..
- poden citarse os datos que se incorporarán no seguimento de cada UD: data de inicio/final, sesións previstas e realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora, ... (apdos. que xa aparecen no PROENS > sección SEGUIMIENTO).
- poderían incluírse, ademais, datos relativos á concreción da forma de avaliar os datos recollidos no seguimento e xestionar as propostas de mellora de cara ao presente curso e ao seguinte.

Descrición (até 100000 caracteres)

Tralo remate de cada trimestre revisárase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, o/s cadro/s preciso/s que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados deste/s; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo e/ou na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Anexo. Información docente

NOTAS: é estadístico do engadido anteriormente e xa sae por defecto, non hai que facer nada.